

Baixada á Salgueira, 39 – 40. 36204 – Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.es

<https://colegiosanfernandovigo.com>



PROXECTO CURRICULAR DE ETAPA DE PRIMARIA

2025-2026

REVISADO POLO
EQUIPO DIRECTIVO

Setembro 2022

APROBADO POLO
CLAUSTRO

07 de Setembro de 2022

APROBADO POLO
CONSELLO ESCOLAR

09 de Setembro de 2022

Este documento é propiedade do Colexio Plurilingüe San Fernando, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estimo oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a organizacións empresariais ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Entidade Titular.

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN	2
2.-DIRECTRICES XERAIS	2
2.1_ Contextualización dos obxectivos xerais da Educación Primaria no centro.	2
2.2_ Liñas pedagóxicas do centro.	4
2.3_ Procedementos para desenvolver a avaliación das aprendizaxes do alumnado	6
2.4_ Disposicións sobre promoción do alumnado.	9
2.5_ Información esencial ás familias sobre a aprendizaxe e avaliación dos alumnos.	9
2.6_ Criterios e estratexias para a coordinación entre áreas de coñecemento, niveis e etapas.	11
2.6.1_ Equipos Didácticos.	11
2.6.2_ Comisión de Coordinación Pedagóxica.	12
2.6.3_ Tutores.	13
2.6.4_ Outras funcións de coordinación.	13
2.7_ Procedemento para avaliar os procesos de ensinanza e a práctica docente	13
3._ O PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC)	14
3.1_ Introducción	14
3.2_ Obxectivos xerais de centro	15
3.3_ Obxectivos xerais do profesorado	16
3.4_ Obxectivos xerais do alumnado	16
3.5_ Obxectivos xerais da comunidade educativa	16
3.6_ Plan de información e formación do profesorado	17
3.7_ Coordinador MIA	17
3.8_ Avaliación	17
4._ PLAN LECTOR	18
4.1_ Contexto sociocultural	18
4.2_ Obxectivos para o plan lector	19
4.3_ Acordos tomados	19
4.4_ Actuacións concretas	20
5._ PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	21
6._ PROXECTOS DE INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN EDUCATIVA	22
7._ PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	23

1.-INTRODUCCIÓN

Os centros docentes xogan un papel activo na aplicación do currículo, polo que, dentro do exercicio da autonomía pedagóxica e organizativa dos mesmos, elaboran o Proyecto Curricular de Etapa, que forma parte do Proxecto Educativo de Centro, como concreción dos currículos. Polo tanto, se considera necesario traballo en equipo e a participación do profesorado no deseño da intervención educativa, para que o resultado sexa un documento concreto e preciso que realmente marque pautas de actuación e á vez estimule a práctica docente e a actividade innovadora e investigadora nos centros. O Proyecto Curricular de Etapa debe ser un documento que estableza directrices e propostas globais de intervención educativa que faciliten a aplicación do currículo á realidade educativa de cada centro. Debe constituirse nun instrumento idóneo para a renovación metodolóxica, o incentivo dos procesos de innovación educativa e a transformación da acción didáctica nos centros. O Proyecto Curricular de Etapa debe ser tamén un documento eficaz, capaz de cohesionar, guiar e articular a acción docente, dándolle continuidade e coherencia, para converterse nun instrumento útil ao servizo do centro e da comunidade educativa donde éste se inserta. Os centros docentes, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, concretarán e articularán os elementos curriculares co obxecto de conseguir o éxito escolar e o maior desenvolvemento persoal e académico de todo o seu alumnado. A Educación Infantil e Primaria debe facilitar a todos os alumnos as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade e hábitos de actividade física, hixiene e saúde, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obligatoria. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias, aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo. Asociado ao carácter global da etapa, fomentárase a interrelación dos elementos do currículo da área e o traballo interdisciplinar, garantizando o desenvolvemento progresivo das competencias clave e poder seguir formándose ao longo de toda a vida. Todas as decisións adoptadas en relación co Proyecto Curricular de Etapa deberán orientarse a facilitar o desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos da etapa.

2.-DIRECTRICES XERAIS

2.1_ Contextualización dos obxectivos xerais da Educación Primaria no Centro.

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respetar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Dar importancia á difusión e coñecemento das nosas señas de identidade manifestadas no noso PEC, as normas de convivencia establecidas no RRI

e a posta en práctica do proceso de ensinanza-aprendizaxe abanderando os valores, pluralismo e dereitos humanos. Servir de referente na área de Valores Sociais e Cívicos da consecución deste obxectivo ao igual ca hora semanal do Plan de Orientación e Acción tutorial.

- Desenrolar hábitos de traballo individual de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade no aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Descubrir as posibilidades do traballo con iguais e de diferentes idades e niveis xa que estamos en aulas multinivelares. Potenciar metodoloxías activas como aprendizaxe cooperativo, tertulias dialóxicas e tarefas competenciais para estimular a educación integral do alumno.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. A través do noso Plan de Convivencia e Plan de Orientación e Acción Tutorial realizar actividades que fomenten a convivencia e resolución de conflitos tanto na aula, entorno familiar e actividades programadas na PXA.
- Coñecer, comprender e respetar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. Priorizar este obxectivo dado a diversidade do alumnado do noso centro.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá, así como desenrolar hábitos de lectura.
- Potenciar o noso Plan Lector como recurso metodolóxico para conseguir este obxectivo e ser o fío conductor da nosa práctica diaria na aula. Este plan, irá crescendo cada curso escolar para adquirir máis protagonismo no noso Proxecto Curricular.
- Adquirir al menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenrolar as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Descubrir as posibilidades que ofrece o entorno natural e social máis próximo así como utilizar situacións cotiás..
- Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- Comezar por aqueles que pertencen ao seu entorno inmediato, utilizar as posibilidades que ofrece o noso entorno natural rico en recursos dignos de estudo e observación. Potenciar a capacidade de análise e investigación a través de saídas ao medio natural que temos máis preto.
- Utilizar as TIC que ofrece o centro de forma gratuita ao igual cos recursos educativos. Diseñar actividades e tarefas que favorezan esta aprendizaxe para converter o uso TIC en algo cotidiano e regular. Asistir a charlas de formación como o Plan director e “Seguridade e uso da Internet”
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- Intervir coordinadamente en proxectos conxuntos desde diferentes áreas como Educación Física e Educación Artística para conseguir este obxectivo. Aproveitar situacións contextualizadas que se recollan no noso Plan Lector o Día de Convivencia anual.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respetar as diferencias e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Aproveitar as ventaxas dun entorno menos agresivo, cercano e diverso para conseguir este obxectivo potenciando actividades extraescolares deportivas e programas relacionados con hábitos saudables.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoitar modos de comportamento que favorezan o seu cuidado.
- Valorar o papel do medio rural como suministrador de materias primas fundamentais para a alimentación. Sensibilizar do cuidado e conservación da natureza mediante o coñecemento e a participación en diferentes actividades propostas como pode ser a nosa horta escolar. Realizar actividades diversas no entorno natural en compañía das familias.
- Desenvolvemento das súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade, nas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas. Destacar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática e multicultural.
- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Elaborar secuencias de aprendizaxe na área de Educación Física que fomenten a educación vial, participar tamén en programas e colaborar con diferentes institucións como a Garda Civil ou a DXT.

2.2_ Liñas pedagóxicas do Centro.

As liñas de actuación pedagóxica constitúen o referente que orientará as decisións do centro, e polo tanto estarán encamiñadas á consecución do éxito escolar do alumnado, a proporcionar a mellor atención educativa e a velar polo interese xeral.

- Favorecer a coeducación, e a comprensión, evitando calquera discriminación por razón de sexo, raza ; educando pola paz e a non violencia.
- Favorecer a integración total no centro de todos os alumnos con necesidades educativas especiais ou de apoio educativo.
- Crear una escola aberta á comunidade facilitando desta maneira a participación dos alumnos na vida da localidade e viceversa.
- Potenciar unha auténtica calidade da ensinanza a través de: Coordinación dos Equipos Docentes, metodoloxía activa e participativa, traballo en equipo de niveis e formación do profesorado.
- Fomentar a aprendizaxe significativa partindo dos coñecementos previos dos alumnos, facéndolos protagonistas do seu propio aprendizaxe.
- Despertar nos alumnos o gusto polas distintas manifestacións artísticas e a comprensión das mesmas, desenvolvendo criterios, gustos e preferencias estéticas, musicais e plásticas.
- Integrar e desenvolver no Centro todos aqueles programas que contribúan ao desenvolvemento integral do alumno.

- Crear conciencia entre os pais de que eles son os auténticos responsables da educación dos seus fillos e teñen por tanto, o deber de colaborar e participar na vida escolar.
- Facer una escola máis viva: actividades prácticas, visitas, actividades complementarias e extraescolares.
- Fomentar que a investigación forme parte fundamental do método de traballo.
- Fomentar o traballo en grupo dentro e fóra da aula e darlles normas ou esquemas básicos para que aprendan a facer os traballos e a presentalos de forma adecuada.
- Ensinarlles a utilizar a biblioteca (de aula ou viaxeira) para facer uso dela nos traballos e para disfrutar da lectura.
- Ensinarlles técnicas de estudos desde os cursos inferiores adaptadas aos niveis, favorecendo a creación de hábitos de estudo, limpeza etc.
- Fomentar a experimentación como base da aprendizaxe e o traballo científico.
- Adaptar os programas ás necesidades do grupo, evitando unha excesiva dependencia do libro de texto.
- Facer participar na escola ás institucións sociais coma por exemplo: Concello, AFA, profesionais...
- Debemos respetar a liberdade de conciencia.
- Defenderemos a equidade para facer efectiva a igualdade de oportunidades, traballando pola non discriminación.
- Debemos respetar e facer respetar os dereitos do alumnado e de todos os membros da comunidade educativa buscando o desenvolvemento das capacidades e mostrando respecto á diversidade.
- Debemos loitar por ter un funcionamento plenamente democrático.
- Debemos funcionar como Centro con autonomía pedagóxica e de xestión.
- Debemos considerar a participación como un valor e un recurso para mellorar a convivencia. Propugnar as asembleas de clase e o debate sobre calquer tema de índole persoal, da aula, do entorno... como algo habitual e non de forma ocasional. Despertar no alumnado o espírito crítico, que aprendan a opinar e a respetar as opinións dos outros.
- Utilizaremos a construción da interculturalidade como práctica para coñecer e respetar a outras linguas e culturas.
- Defenderemos o dereito a unha vida de calidade das persoas con discapacidade e en xeral desfavorecidas e a actitude crítica e o rechazo de situacións de marxinación, exclusión ou abandono.
- Intentar cos nenos valoren adecuadamente as riquezas naturais do noso entorno rural e se impliquen en campañas como reciclaxe, limpeza e outras actividades relacionadas co medio ambiente. Axudaremos á creación entre a comunidade educativa dunha conciencia de defensa do Medio Ambiente.
- Tratar que os nenos e as nenas tomen conciencia e se comprometan activamente en feitos concretos como campañas contra a fame, terremotos...
- Exixir un comportamento correcto tanto dentro como fóra da aula (pedir a palabra, dar as grazas, pedir as cousas por favor, respetar as decisións da maioría, respetar os dereitos dos demais ao estudo, ao xogo...)

- O traballo en equipo, é o principio que sustentará a labor profesional do profesorado co que se busca unha unidade de acción eficaz na consecución dos obxectivos..
- A atención á diversidade, é o principio polo que ofreceremos os recursos necesarios para que todo o alumnado, independentemente das súas circunstancias pessoais, sociais, culturais, étnicas ou calquer outra, logre o desenvolvemento integral de todas as súas potencialidades e forme parte desta sociedade en continua transformación.
- A colaboración coas familias, entendendo ca comunicación entre os membros da comunidade educativa é unha garantía de éxito.
- O principio do esforzo, indispensable para lograr unha educación de calidade, e que debe aplicarse a todos os membros da comunidade educativa, ao alumnado como principal actor do proceso de ensinanza-aprendizaxe, ás familias na súa colaboración co profesorado e compromiso no traballo cotidiano dos seus fillos, ao centro e ao profesorado na construción de entornos de aprendizaxe ricos, motivadores e exixentes.
- A metodoloxía aberta e flexible, centrada no alumnado e o máis inclusiva posible.
- A aprendizaxe significativa, que se axuste ao nivel de desenvolvemento de cada caso concreto. Os contidos educativos e as actividades de ensinanza deben estar planificados, relacionados coas experiencias e coñecementos que xa posea o alumnado e orientados á consecución de aprendizaxes relevantes.
- O clima de respecto e convivencia, que facilite o traballo do alumnado e do profesorado, e que é imprescindible para desenvolver a tarefa educativa.
- A participación en planes e programas que melloren a labor educativa e aporten calidade á ensinanza que ofrece o centro.

2.3_ Procedementos para desenvolver a avaliación das aprendizaxes do alumnado

Entendemos a avaliación como elemento transformador da práctica educativa ao considerar ao alumno como protagonista da aprendizaxe e ao mestre/a como guía, orientador e estimulador do mesmo, un instrumento favorecedor da innovación e investigación educativa. A avaliación formará parte do proceso educativo, será formativa, global, sumativa, continua, preventiva e estará referida ao desenvolvemento das competencias clave e á adquisición das capacidades expresadas nos obxectivos xerais da etapa e da área, así como nos criterios de avaliación das diferentes áreas de coñecemento. Terá un carácter formativo, regulador e orientador da actividade educativa, ao proporcionar información constante que permita mellorar tanto as aprendizaxes como a práctica docente. A avaliación será continua e global, polo que terá en conta o progreso do alumnado no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Ademais do carácter sumativo, será continua e constará dunha avaliación inicial, avaliación procesual e avaliación final. Isto permitirá co profesorado recoller a información de maneira permanente acerca do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus alumnos con especial atención aos obxectivos, criterios de avaliación e a súa concreción nas programacións didácticas e de aula. Con isto, o mestre coñecerá en cada momento o progreso de cada alumno atendendo á diversidade de capacidades, actitudes e ritmos de aprendizaxes.

Ao comezo de cada curso, os mestres realizarán a avaliación inicial dos alumnos, para o que terán en conta a información aportada polo profesorado

da etapa ou curso anterior. A avaliación inicial realizarémola de todas as áreas, por medio de probas ou simplemente coa observación, a revisión de cadernos, pero sobre todo, un interés do mestre polo neno, polo que fixo e é capaz de facer. Esta avaliación inicial a realizaremos con tempo, e con maior precisión en todos os casos con nenos que cambian de tutor. As decisións adoptadas quedarán recollidas na acta da sesión da avaliación inicial.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas de intervención para aqueles alumnos co precisen.

Ao longo do curso, como mínimo, haberá unha sesión de avaliación inicial, tres sesións parciais- unha por trimestre- e unha sesión final de avaliación dentro do período lectivo. O mestre tutor levantará un acta do desenvolvemento da sesión na que se fará constar os acordos e decisións adoptadas e información ás familias. É moi importante ver nelas o mellor de cada neno, e non, como ocorre habitualmente, seus problemas e defectos. Non significa poñer en evidencia os erros, senón felicitarnos polo que xa logramos cos nosos alumnos e plantexar os novos retos que esperamos conseguir.

En toda sesión de avaliación, xunto co alumno, tamén se está avaliando ao mestre. Haberá un sentimento de responsabilidade mutuo, que fomentaremos. Hai que ter moito máis en conta o traballo diario e persoal do alumno na aula, a expresión oral e escrita, e moito menos, e en ocasións nada, o uso de exames ou controis asociados a cada un dos temas da programación ou libro de texto. Os referentes para a comprobación do grado de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das áreas dos bloques de asignaturas troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación avaliábeis. Os criterios de avaliación e criterios de aprendizaxe os concretamos nas programacións didácticas.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo e das competencias clave, tendo en conta os perfiles de área e de competencia. O resultado da avaliación se expresará en niveis: Insuficiente (IN) para as calificacións negativas; Suficiente (SU), Ben (BI), Notable (NT) ou Sobresánte (SB) para as calificacións positivas en función dos criterios de calificación.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas, atendendo á diversidade de capacidades, actitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe, adoptaranse en calquer momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo. Elaboración dun Plan de Apoio. Os centros docentes, poderán, conforme as orientacións das administracións educativas, elaborar programas de reforzos ou de enriquecemento curricular, que permita mellorar o nivel competencial do alumno/a que o requira.

O noso centro dará a coñecer ás familias a información esencial sobre os elementos curriculares e os criterios de calificación necesarios para obter unha avaliación positiva dos alumnos, nas distintas áreas de coñecemento que integran o currículo a comezo de curso e por diferentes vías: presentacións interactivas, folletos, charlas, Web, etc.

A avaliación levarase a cabo considerando os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán un referente fundamental para valorar o grado de desenvolto das competencias clave e a consecución dos obxectivos de maneira que se garantice que ó finalizar a Educación Primaria os alumnos estén capacitados para incorporarse á educación secundaria con garantías de éxito. Os mestres avaliarán tanto os aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas. Igualmente avaliarán o Proxecto Curricular de Etapa, as programacións didácticas e o desenvolto do currículo en relación coa súa adecuación ás necesidades e características do alumnado do centro.

Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, tomará como referencia os criterios de avaliación fixados con carácter xeral. O profesorado deberá adaptar os instrumentos de avaliación establecidos para a avaliación deste alumnado, tendo en conta súas necesidades específicas para garantir os principios de inclusión, non discriminación, e accesibilidade. Cando o alumnado teña por tanto, xa auto-autorizada unha ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (ACS) ou unha aceleración parcial do currículo, os criterios de avaliación serán os contemplados no documento específico correspondente das adaptacións curriculares significativas que se incorporaran ao expediente do alumno. Para a elaboración dun ACS significativo requírese co alumno sexa avaliado con criterios de avaliación correspondentes ao menos, 2 niveis educativos inferiores respecto ao que está escolarizado, quedando consignado nos documentos oficiais esta adaptación (ACS). A realización dun ACS nunha área, equivale á NON superación desa área. As ACS serán eliminadas cando o alumno alcance os criterios establecidos con carácter xeral para aprobar esa área de coñecemento do nivel onde está matriculado, é dicir, superou o desfase curricular. Os pais ou titores legais serán debidamente informados. A aceleración parcial do currículo implica a avaliación do alumno con referencia aos criterios do nivel educativo superior ao que está escolarizado. A solicitude para a realización de ACS ou aceleracións parciais do currículo, require a autorización escrita dos pais ou titores legais. O correspondente servizo xeral de orientación educativa asesorará no referente á atención e a avaliación deste alumnado. No expediente académico quedará constancia dos resultados da avaliación, das propostas de promoción e no seu caso, das medidas de apoio educativo.

No caso das ACNEAES se recollerá tamén:

- * o informe psicopedagóxico
- * as ACS e/ou as aceleracións parciais do currículo APC

Os alumnos con necesidade específica de apoio educativo poderán permanecer un ano máis de forma extraordinaria na etapa. Os alumnos con necesidade específica de apoio educativo por altas capacidades, poderán flexibilizar o período de permanencia nos diversos, niveis, etapas e graos conforme ó establecido na normativa que regula as medidas de intervención. Os procedementos e instrumentos de avaliación deben ser:

- Variados evitando a polarización cara a utilización restrinxida dalgún deles.
- Deben dar información completa do que se pretende avaliar.

- Han de permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos daqueles dos que xa se teñan adquiridos.

Entre os procedementos e instrumentos de avaliación utilízanse os seguintes:

Observación sistemática:

- Diarios de clase
- Rexistro anecdótico

Análises das produccions dos alumnos:

- Produccións orais
- Cadernos de clase
- Cadernos de campo
- Textos escritos
- Investigacións

Intercambios orais cos alumnos:

- Debates
- Postas en común.

Probas específicas:

- Exámenes
- Interpretación de datos
- Exposición dun tema

2.4_ Disposicións sobre promoción do alumnado.

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos criterios de avaliación e na madurez do alumno. En calquer caso, as decisións sobre a promoción adoptaránse ao finalizar os cursos, 2º, 4º e 6º, sendo ésta automática no resto dos cursos da etapa.

O alumno recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzou no curso anterior.

Si en algún caso, e tras ter aplicado as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso, é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenrolo, o citado equipo, organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, poda alcanzar o grao da adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa, e terá en todo caso carácter excepcional.

Os titores de segundo e cuarto, emitirán ao finalizar o curso, un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno, indicando no seu caso, as medidas de reforzo que se deban contemplar no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno disporá ao finalizar a etapa, un informe elaborado polo seu titor sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenroladas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflexar as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

2.5_ Información esencial ás familias sobre a aprendizaxe e avaliación dos alumnos/alumnas.

Aínda que a relación coas familias é cordial e se presta á colaboración coa escola, esta información está máis centrada en cuestións relacionadas co comportamento dos alumnos que co estrictamente académico. No medio rural os pais deben coñecer o que fan os seus fillos na escola, deben recibir orientación para realizar outras actividades de tipo formativo. Para isto os tutores e tamén os especialistas debemos planificar reunións periódicas cos pais para informarles do rendimento escolar, e deixar constancia das mesmas nun caderno ou rexistro de tutoría, cuxo modelo unificouse. Así pois, co fin de garantir o dereito das familias a participar no proceso educativo dos seus fillos, os mestres tutores, así como o resto do profesorado, informarán aos pais ou representantes legais, sobre a evolución escolar dos seus fillos. Tamén, co fin de garantir co rendimento escolar dos alumnos sexa avaliado de forma obxectiva, ao principio de cada curso escolar se informará aos pais e ós alumnos, dos procedimentos e instrumentos de avaliación, dos criterios de avaliación, criterios de calificación para superar as áreas e criterios de promoción previstos. O mestre tutor informará unha vez ao trimestre, mediante o documento de información ás familias. Este Informe sobre a aprendizaxe e a avaliación dos alumnos, recolle as calificacións obtidas polo alumno en cada área de coñecemento, a valoración das normas, hábitos e actitudes, e os aspectos relativos ao progreso e desenvolvemento das competencias clave.

A información é enviada aos pais pola aplicación AbalarMóbil e se complementa mediante entrevistas persoais ou reunións de grupo cos pais ou representantes legais dos alumnos con obxecto de favorecer a comunicación entre o centro e a familia, especialmente cando os resultados da aprendizaxe non son positivos, ou cando os pais ou mestres o solicitan. Ao finalizar cada curso, se informa por escrito aos pais ou representantes legais acerca dos resultados da avaliación final dese curso. Dicha información inclúe, as calificacións obtidas nas distintas áreas de coñecemento cursadas, a valoración das normas, hábitos e actitudes, e as calificacións obtidas nas competencias clave. Ao final de cada curso, se lles informa, sobre a decisión adoptada en canto á promoción ao curso ou etapa seguinte. A información que se proporciona aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo ou aos seus pais, é a mesma que para os alumnos ordinarios, basándose no mesmo informe, pero tendo en conta que para aqueles que reciben apoio educativo, nalgunha área, se explica aos pais cales foron as medidas adoptadas e para aqueles cunha adaptación curricular significativa (ACS), os criterios de avaliación son os contemplados no documento específico correspondente. Ademais hai para estes alumnos unha valoración cualitativa do progreso de cada un. Cando un alumno cursa terceiro de Primaria, o mestre tutor, ao finalizar o curso entrega aos pais ou tutores legais un informe, que tiene carácter orientador e informativo, sobre os niveis obtidos na avaliación individualizada de 3º de Educación Primaria. En tal informe detállanse, si é necesario, as posibles medidas a adoptar e as formas de colaboración para paliar as posibles dificultades de aprendizaxe. O resultado da avaliación individualizada de sexto curso de Educación Primaria, obtido por cada alumno

o alumna e expresado en niveis, se fará constar nun informe, que é entregado aos pais ou titores legais con carácter informativo e orientador. Ao finalizar a etapa, o historial académico de Educación Primaria se entrega aos pais ou representantes legais do alumno. Se recollen os datos identificativos do alumno, as áreas de coñecemento cursadas en cada un dos anos de escolarización e os resultados da avaliación obtidos en cada curso tanto nas áreas de coñecemento como no nivel de adquisición das competencias clave, as decisións sobre promoción ao curso seguinte e a data en que se adoptan, a data da proposta de acceso á Educación Secundaria Obligatoria, así como a información relativa aos cambios de centro. Debe figurar a indicación das áreas de coñecemento que se cursarán con adaptacións curriculares significativas (ACS) ou con aceleración parcial do currículo.

2.6_ Criterios e estratexias para a coordinación entre áreas de coñecemento, niveis e etapas.

2.6.1_ Equipos Didácticos.

No CPR Plurilingüe San Fernando, se constitúen a principio do curso escolar catro Equipos Didácticos. Estes garantizan unha coordinación vertical e horizontal do centro en relación ás áreas de coñecemento e niveis. Estes Equipos Didácticos son: Equipo Didáctico de segundo ciclo de Educación Infantil, Equipo Didáctico de primeiro e segundo, Equipo Didáctico de terceiro e cuarto e Equipo Didáctico de quinto e sexto.

Están formados polos titores dos grupos de alumnos que conforman o segundo ciclo de Educación Infantil e a etapa de Educación Primaria. No caso das unidades unitarias se procurará que o titor ou titora se adscriba ao equipo máis representativo en canto ao número de alumnos dese titor nos cursos determinados. O Director, a proposta da Xefa de Estudos, adscribe ao profesorado das distintas unidades a un ou outro Equipo didáctico en función da organización do propio centro. Os profesores que non teñen asignada tutoría dun grupo de alumnos, son adscritos aos distintos Equipos Didácticos polo Director do centro a proposta da Xefa de Estudos. Cada Equipo Didáctico está dirixido por un Coordinador, designado polo Director a proposta do Xefe de Estudos, entre o profesorado que forma parte do Equipo. As competencias do Equipo Didáctico, así como, as competencias do Coordinador do Equipo Didáctico son:

Corresponde os Equipos Didácticos:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao Claustro relativas á elaboración do proxecto educativo de centro (P.E.C) e da programación xeral anual (P.X.A).
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración do proxecto curricular de etapa (P.C.E.).
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Organizar e realizar as actividades complementarias e extraescolares.

Corresponde ao Coordinador:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa (P.C.E.) e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo didáctico.
- Coordinar as funcións de tutoría dos alumnos do curso.
- Coordinar a ensinanza no correspondente curso de acordo co proxecto curricular de etapa (P.C.E.).
- Aquelas outras funcións que lle encomende o Xefe de Estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

Os Equipos Didácticos se reúnen, ao menos, unha vez cada quince días, sendo obligatoria a asistencia a ditas reunións para todos seus membros. Unha vez finalizadas as actividades lectivas, os Equipos Didácticos recollen nunha Memoria, redactada polo Coordinador, a avaliación das actividades realizadas e os resultados obtidos. Estas Memorias son entregadas ao Xefe de Estudo antes de finalizar o curso escolar, para que sexan tidas en conta na elaboración da Memoria Anual do centro e da Programación Xeral Anual (PXA) do curso seguinte e, no seu caso, na revisión del Proxecto Curricular de Etapa (PCE) cando proceda.

2.6.2_ Comisión de Coordinación pedagóxica.

No Colexio San Fernando, se constitúe a principio do curso escolar unha Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.). A composición desta comisión é a seguinte: Director, que actúa como presidente, Xefe de estudos, Coordinadores dos equipos didácticos e membro do equipo de orientación. As competencias desta comisión son:

- Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión dos proxectos curriculares de etapa (P.C.E.).
- Supervisar a elaboración e revisión, así como, coordinar e responsabilizarse da redacción dos proxectos curriculares de etapa (P.C.E.) e seu posible modificación, e asegurar a súa coherencia co proxecto educativo (P.E.C.).
- Elaborar a proposta de organización da orientación educativa e do plan de orientación e acción tutorial (P.O.A.T.).
- Elaborar a proposta de criterios e procedimentos previstos para realizar as adaptacións curriculares adecuadas aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Propoñer ao claustro os proxectos curriculares de etapa (P.C.E.) para a súa aprobación. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa (P.C.E.).
- Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e calificación, de acordo coa xefatura de estudos.
- Propoñer ao claustro de profesores o plan para avaliar o proxecto curricular de etapa (P.C.E.), os aspectos docentes do proxecto educativo (P.E.C) e a programación xeral anual, a evolución da aprendizaxe e o proceso de ensinanza.
- Fomentar a avaliación de todas as actividades e proxectos do centro, colaborar coas avaliacións que se leven a cabo a iniciativa da

Administración Educativa e impulsar plans de mellora en caso de que se estime necesario, como resultado destas avaliacións.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) se reúne como mínimo unha vez ao mes e celebra dúas sesións extraordinarias, unha a comezo e outra ao final de curso, e cantas outras se consideren necesarias. A Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) debe establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión do Proxecto Curricular de Etapa (P.C.E.) e das programacións didácticas, incluídas neste, con anterioridade ao comezo da elaboración de dichas programacións. Así mesmo, a Comisión debe establecer durante o mes de setembro, e antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para o seguimento e avaliación dos Proxectos Curriculares de Etapa e das posibles modificacións dos msemos que poden producirse como resultado da avaliación realizada na Memoria Anual do curso anterior. Durante o mes de setembro e antes do inicio das actividades lectivas, a Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) propón ao Claustro de Profesores, de acordo coa Xefatura de Estudos, a planificación xeral das sesións de avaliación e calificación dos alumnos.

2.6.3_ Titores.

Os titores se encargan de coordinar o desenvolvemento do plan de orientación e acción tutorial (P.O.A.T.) e o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo, adoptando a decisión que proceda acerca da promoción. Teñen en conta para ambas coordinacións, ao equipo docente que interven na súa aula, mestres especialistas. Se coordinan coa xefatura de estudos e co orientador do centro para atender ás necesidades educativas dos alumnos e proceder á adecuación persoal do currículo. Tamén son os encargados de aportar información de cada alumno en cada cambio de nivel, etapa.

2.6.4_ Outras funcións de coordinación.

O Xefe de Estudos, ao comezo de cada curso escolar, asigna determinadas tarefas de coordinación que considera necesarias para o bo funcionamento do centro. Cada unha delas ten un coordinador. Estas coordinacións son: Coordinador de actividades complementarias e extraescolares. Cando no centro se organizan, en horario lectivo ou extraordinario, actividades deportivas, artísticas e culturais en xeral, de carácter estable, nombrase a un profesor como responsable destas actividades, entre aqueles que manifesten seu interese por organizar e participar nas mesmas. Colabora estreitamente co Xefe de Estudos, e dedica ata dúas horas lectivas para a planificación e organización destas actividades. Coordinador de medios informáticos. O Director encarga a un dos profesores a responsabilidade sobre a utilización destes medios para: coordinar as actividades que se desenvolven no centro relativas ao uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (T.I.C.), fomentar a utilización por parte do profesorado das tecnoloxías informáticas ou audiovisuais na súa actividade docente, asesorar ao centro na adquisición de novos materiais e fondos. Coordinador de Formación. (C.O.F.O.) O inicio de cada curso, o Equipo directivo procede á designación dun coordinador de formación do profesorado cuxas funcións son a detección de necesidades de

formación no centro e a coordinación co órgano competente en materia de formación do profesorado baixo a supervisión do Xefe de Estudos.

2.7_ Procedemento para avaliar os procesos de ensinanza e a práctica docente

A avaliación do proceso de ensinanza ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento profesional dos docentes e a formación continua do profesorado como elemento primordial para a mellora da calidade dos centros educativos e, especialmente, do proceso de ensinanza dos alumnos. Por isto o principal referente atópase no análise dos procesos de aprendizaxe dos alumnos, dentro do marco da realidade educativa. Se valoran as decisións que un docente debe tomar, previamente ao traballo cos alumnos. Estas decisións de planificación deberán constar na programación de aula de acordo ó establecido nas programacións didácticas do P.C.E. Desenvolvemento da actividade docente. Se valoran distintos aspectos:

- A coherencia da metodoloxía escollida e polo tanto a adecuación do método a os contidos tratados, as actividades plantexadas, etc.
- As decisións sobre a planificación, elección o elaboración de materiais.
- A coherencia da información que se transmite.
- Todo o que fai o profesor para atender aos alumnos da forma máis individualizada posible:
 - Práctica docente
 - Ambiente de traballo na aula.
 - Adecuación das tarefas ós alumnos.
 - Técnicas de ensinanza.
 - Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Procedementos, instrumentos de avaliación utilizados, os criterios de calificación aplicados e información sobre a propia avaliación, posta en marcha de actividades de recuperación, apoio ou reforzo.
- Participación nos órganos colexiados e de coordinación docente, así como a participación en actividades do centro.
- Participación nos órganos de goberno, Claustro e Consello escolar.
- Participación nos órganos de coordinación docente.
- Colaboración e posta en marcha de actividades extraescolares e de calquer outra que dinamicen a vida do centro
- Orientación e tutoría. Recolle a atención a alumnos e pais en xeral e o desempeño da tutoría no caso de que o mestre/mestra, realice esta función, así como a coordinación do equipo docente.
- Atención a alumnos.
- Atención a pais.
- Coordinación.
- Formación e participación en proxectos de innovación e investigación educativa. Atende á formación permanente e a participación en proxectos de investigación e innovación realizados polos docentes.

3._ O PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC)

3.1_ Introducción

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), inciden de forma cada vez máis determinante na vida das persoas, e en consecuencia, no campo da educación. Neste último ámbito, o educativo, a inclusión da competencia dixital como elemento do currículo nos introduce nun momento sustancialmente distinto e crea novos escenarios educativos. Xa non estamos, por tanto, só ante un fenómeno social, cultural e económico senón que agora o novo marco legal de educación concede un carácter preceptivo ao uso das TIC. A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co aprendizaxe. Supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital. Require de coñecementos relacionados co linguaxe específico básico: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital. Igualmente precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas. A persoa debe ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando súas fortalezas e debilidades e respetando principios éticos no seu uso. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías. A competencia dixital consiste esencialmente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Disto se deriva co dominio das TIC se vai facendo tan esencial como o das técnicas instrumentais clásicas. É máis, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrecen o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente. Todo isto esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares.

3.2_ Obxectivos Xerais de Centro

- Fomentar o uso das ferramentas informáticas como forma de romper as desigualdades sociais.
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamiento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do centro.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo da aprendizaxe.
- Conseguir co alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de tratar críticamente a información.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxinas web, blog,...

3.3_ Obxectivos xerais do profesorado:

- Mellorar o plantexamento pedagógico a través das TIC.
- Emplear as TIC para o traballo cotidiano na aula: programacións, actividades, probas escritas, fichas,...
- Saber consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para desenvolver a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e participar en foros, chats, Blogs,...
- Consolidar coñecementos no uso da pizarra dixital.
- Fomentar no profesorado o uso do blog como instrumento de comunicación e coordinación para o bo funcionamento da comunidade educativa.

3.4_ Obxectivos xerais do alumnado:

- Familiarizar ao alumno co medio informático e as novas tecnoloxías.
- Aumentar a motivación interna que nos alumnos desperta o entorno multimedia para consolidar a aprendizaxes de forma profunda aproveitando o interese intelectual que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Desenvolver actitudes de respecto, motivación e interese ante as novas tecnoloxías.
- Favorecer o traballo en equipo. Facer cos alumnos se sintan partícipes dun equipo investigador.
- Favorecer a autonomía e o traballo persoal de cada alumno.
- Respetar o ritmo individual da aprendizaxe de cada alumno.
- Convertir Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe dos alumnos, evitando usos indebidos mediante a necesaria supervisión.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes. Utilizar programas que lles faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

3.5_ Obxectivos xerais da comunidade educativa:

- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a comunicación entre eles.
- Utilizar a páxina Web do centro como medio de comunicación e información de toda a comunidade educativa.
- Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de pais e nais dos coñecementos necesarios para un correcto uso das TIC.

3.6 _Plan de información e formación do profesorado:

Ao inicio de cada curso escolar e sobre todo, co profesorado de nova incorporación, se realiza unha formación centrada nos seguintes aspectos:

- Explicación da web do centro.
- Datos xerais do centro, teléfonos de contacto, distancias, distribución do alumnado por localidades, organigrama dos órganos de goberno, coordinacións e equipos didácticos, os horarios de cada grupo de alumnos, o calendario de reunións do profesorado planificado ata final de curso e o calendario escolar coas festividades locais.
- Documentos coa normativa legal vixente, documentos oficiais do centro e en secretaría virtual os documentos de traballo para o profesorado e documentos de información, solicitudes, autorizacións etc... para país e nais.
- Actividades, actuacións ou proxectos que realiza o centro.
- Correo corporativo. Uso e manexo do mesmo.
- Explicación do conxunto de ferramentas ao noso servizo para crear un entorno de traballo colaborativo dentro do mesmo centro. Google Apps (drive, blogger, gmail, etc...)
- Formación para a posta en funcionamento do aula con todos os recursos dos I que dispoñemos: ordenador, proxector, impresora.
- Formación no uso e manexo dos ordenadores de sobremesa e os tablets pc coa súa configuración estandarizada.
- Instrucións sobre software básico para o traballo na aula.

3.7_ Coordinador MIA:

O coordinador de medios informáticos e audiovisuais (MIA), ten as seguintes función; (Según ORDEN do 26 de xuño de 2014, de organización e funcionamento)

- Coordinar as actividades que se desenrolen no centro relativas ao uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).
- Fomentar a utilización por parte do profesorado das tecnoloxías informáticas ou audiovisuais na súa actividade docente.

- Asesorar ao centro na adquisición de novos materiais e fondos.
- Tarefas técnicas: xestionar as incidencias coa empresa de mantemento. Resolver incidencias sinxelas.
- Xestionar e actualizar a web do centro.
- Controlar e actualizar o inventario de medios informáticos e audiovisuais.
- Reparto por localidades do material informático.
- Tarefas dinamizadoras: promover e dinamizar o uso das TIC.
- Recoller as necesidades de formación en TIC dos compañeiros do centro e promover a súa participación nas actividades de formación.

3.8 _Avaliación

Para levar a cabo a avaliación da utilización das tecnoloxías da Información e a Comunicación no centro, se terán en conta os seguintes ítems:

- O profesorado coñece e utiliza os recursos tecnolóxicos que tiene ao alcance.
- Estiveron relacionadas as TIC e o proceso de enseñanza aprendizaxe.
- Favoreceu o entorno multimedia a consolidación de aprendizaxes.
- Favorece o traballo en equipo.
- A utilización das TIC favoreceu a autoaprendizaxe.
- Aproveitaronse as posibilidades que nos ofrece Internet.
- Aproveitaronse los recursos que a páxina Web nos ofrece.
- Respetáronse normas de uso e utilización dos recursos.

Para evaluar as competencias do coordinador MIA se terán en conta os seguintes ítems:

- Realizouse o control do funcionamento dos equipos.
- Ofreceuse formación e información de recursos TIC.
- Mellorouse o acceso, utilización e actualización da páxina Web do centro, tamén usamos Classroom e outra aplicación chamada Tokkapp .
- Realizouse o seguimento sobre o uso dos programas desenvolvidos e dos traballos realizados.

4._ PLAN LECTOR

4.1_ Contexto sociocultural

Noso Plan lector vaise desenvolver no Colexio San Fernando. Sito nun barrio de Vigo, moi próximo ao centro ,e contamos con multitude de lugares onde desenvolver actividades(teatros,cines,museos)...Hai moito alumno inmigrante Rumanos ,marroquís... Isto nos leva a encontrarnos con alumnos que descoñecen nosa cultura e costumes (moito máis a literaria).Isto se vai a concretizar en que contan con poucos libros e dicionarios, van a ter dificultades para acceder a internet, os programas de televisión que ven son os que aparecen nos canales internacionais dos seus países, baixo coñecemento do noso idioma, polo que se dificulta a comunicación entre familia e mestre/a... Desde outro aspecto , nos atopamos cun alumnado moi variado tanto en características como en intereses. As aulas están formadas por alumnos e alumnas de: infantil, primaria e da ESO e ademais da diversidade de cursos

debemos ter en conta as características e intereses propios de cada neno/a. Resaltar que o noso alumnado en xeral (máis no caso dos inmigrantes), manifestan: un vocabulario moi baixo, problemas coa utilización do noso idioma; teñen poucos modelos lectores tanto en casa como na aula; existe una diminución do interés pola lectura según se van facendo maiores; senten maior motivación polos medios audiovisuais, xogos páxinas web, xogos de ordenador... Respecto aos recursos sinalar que contamos cunha boa dotación de libros que na súa maioría son de carácter literario. Creemos que nos falta analizar a calidade de nosos recursos, mellorar o material para a etapa de Infantil con libros escritos en letra maiúscula, renovar os libros de consulta que hai nas aulas pois poden estar anticuados ; ampliar os recursos de información e entretemento, buscar elementos que lles resulten motivadores e adecuados os seus intereses e posibilidades, etc.; Ás veces esquecemos que o noso criterio e intereses non teñen por que coincidir cos do noso alumnado, máis cando este é tan diverso e variado. Por último, sinalar que os proxectos e programas son planificados de forma conxunta por todo o claustro.

4.2_ Obxectivos para o plan lector

- Crear un programa sistemático que permita, de maneira regular:
- Detectar necesidades tanto de intereses como de recursos
- Revisar os materiais, comprando os que se consideren necesarios tanto para a substitución como a ampliación dos nosos recursos.
- Revisar a final do curso o proxecto, planificación e desenvolvemento, así como dos recursos e materiais, deixándoo recollido na Memoria Anual.
- Planificar diferentes fórmulas para favorecer o coñecemento do noso plan por parte das familias, mellorando o achegamento entre o centro e as familias.
- Realizar un Plan para o ensino da lectura, definindo como imos realizar este aprendizaxe, desde que perspectiva educativa, liñas metodolóxicas, actividades xerais... definindo a temporalización e progresión na adquisición da lecto-escritura.
- Favorecer a aprendizaxe do idioma por parte daqueles alumnos que non posúen o castelán como lingua materna, favorecendo o intercambio lingüístico e a interacción entre os iguais e entre os nenos e o adulto.
- Programar tempos e espazos para que os equipos didácticos poidan coordinar a metodoloxía, actividades, avaliación... do Plan lector, favorecendo os momentos nos que se compartan experiencias, materiais, actividades, etc.
- Planificar diversas tipoloxías textuais para desenvolver ao longo de todo o curso escolar.
- Crear un espazo de Lectura, agradable e relaxado con ambientación adecuada que favoreza a lectura placentera e a utilización de bos modelos lectores.

4.3_ Acordos tomados

O Plan Lector debe aparecer nas Programacions e no PCC. Este Plan debe estar consensuado e coordinado por todo o profesorado e ser desenvolvido en todas as áreas de maneira interrelacionada. Isto se realizará tanto de forma

individualizada como nos proxectos trimestrales que se programen. Coñecer o funcionamento e as actividades que se poidan realizar nunha biblioteca pública, por exemplo na Municipal de Vigo: ensinaremos a súa páxina web, préstamo de libros, actividades que propon, contacontos. Abordar o Plan de lectura de maneira que integre accións encamiñadas a desenrolar os catro aspectos da linguaxe: falar, escoitar, ler e escribir.

Xa que é moi importante a participación e colaboración das familias para o bo desenvolvemento do Plan programaremos accións encamiñadas a favorecer dicha participación: reunións para explicar e coñecer, actividades levadas a cabo polas familias tanto na casa como na aula, Escola de Pais...

Entendemos a lectura como:

- .Elemento de disfrute, polo que realizaremos actividades do tipo: club de lectura, lectura individual e/o grupal sin “obligacións”, momentos de modelaxe lector tanto por parte dos alumnos maiores como do mestre/a; lectura en diferentes entornos e con distintos soportes.
- . Elemento de búsqueda de información: Utilización da Biblioteca, búsqueda en internet e distintos tipos de enciclopedias, etc.
- .Comprensión de textos: Coñecemento das diferentes tipoloxías textuais (estrutura e utilidade) ideas principais e secundarias, personaxes, lugares e accións, opinións sobre o leído... Para desenvolver este obxectivo, cada curso escolar seleccionará e priorizará un tipo de texto e se mostrarán diferentes formatos, de maneira que os recoñezan e sepan o seu uso na vida diaria; sempre planificando actividades de comprensión e expresión oral e escrita adecuadas ós diferentes niveis das aulas.

Realizaremos actividades de estimulación da lectura como:

Contacontos, Escritores na aula, Especialistas en diferentes tipoloxías textuais (secretario, farmacéutica...). Participación en certámes literarios, Club de lectura ou Grupos literarios... así como proporcionar, sobre todo no Nadal, listados de libros recomendados para que as familias poidan adquirilos e utilízalos nas súas casas.

- Realizar actividades cooperativas en torno á expresión oral e escrita que favorezan a interacción entre todo o alumnado.
- Aproveitar os recursos dispoñibles no noso centro e no seu entorno e intentar melloralos e amplialos pouco a pouco.

4.4_ Actuacións concretas

- - Creación dun lugar adecuado nas aulas para realizar actividades de lectura. Este espazo estará ambientado con flexos, coxíns, mesas, libros en diferentes formatos...
- - Programar textos para favorecer o desenvolvemento da linguaxe, especialmente da lectura.

- - Realización de actividades de lectura e talleres cos pais e todo tipo de actividades que parezan interesantes e adecuadas, as familias inmigrantes poden realizalo incluíndo momentos na súa lingua materna para que todos nos familiaricemos coa súa lingua e cultura.
- - Ler de diferentes formas: Lectura por parte do adulto, dos compañeiros, de forma individual e colectiva,... Contacontos, Dramatización das lecturas, utilización de diferentes textos e soportes...
- - A asamblea como recurso fundamental: de forma sistematizada e planificada, utilizando noticias de actualidade, para presentar o traballo que imos realizar durante o día, utilizando diferentes recursos como: Os Sombreros dos Sentimientos, facendo grabacións para despois analizar a situación, a expresión, entonación, vocabulario...
- - Actividades sinxelas e puntuais: Magosto, Día do libro...
- - En todas as áreas pero sobre todo en E.F. se traballará a expresión corporal, xa que é un bloque de contido.
- - Participar na creación de blogs, páxinas Web, rede educativa, concursos, Webquest...
- - Crear relatos para os compañeiros coa participación de todos.
- - Dixitalizar a revista.
- - Realizar actividades de Debate, Exposición, Coloquio....

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
4. ANÁLISIS DE PROBAS ORAISE PRÁCTICAS ESPECÍFICAS.	Probas orais(contemplando criterios de avaliación) e probas prácticas (mediante folla de observación)
5. VALORACIÓN DO TRABALLO DIARIO.	Caderno persoal (rúbrica), fichas de observación directa, diario personal e rexistros anecdóticos.
6. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN E EFICACIA MOTRIZ.	Autoavaliación e co- avaliación, fichas de observación directa e rexistros anecdóticos.

7. OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DA ACTITUDE, COMPORTAMENTO E VALORES.	Escala de observación, listas de control, rexistro anecdótico e diarios de clase.
--	---

5._ PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Sen perxuício do seu tratamento específico nalgúns das áreas de coñecemento da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as áreas de coñecemento. Desde un enfoque inclusivo, adoptaránse as medidas de intervención educativa necesarias para que de menor a maior especificidade ,fagan realidade a igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal, o deseño para todos e a non discriminación por razón de discapacidade ou calquer outra condición. Se impulsará o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquer condición ou circunstancia persoal ou social. Se fomentará a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xusticia, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto a los derechos humanos y el rechazo a la violencia terrorista, la pluralidad, el respeto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquer tipo de violencia. Se evitarán os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación. O alumnado participe nas actividades que lle permita afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Se impulsará, asimismo, a aprendizaxe cooperativa e desenvolvemento do asociacionismo entre o alumnado, incitándoos ás constituicións de asociacións escolares no propio centro e a participar nas asociacións xuvenís do seu entorno.

Se adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil. A estes efectos, se promoverá á práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garanticen un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. O deseño, coordinación e supervisión

das medidas que, a estes efectos se adopten no centro educativo, serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos. No ámbito da educación e a seguridade vial, se incorporarán elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peatón, viaxero e conductor de bicicletas, respete as normas e sinais, e se favorece a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

6._ PROXECTOS DE INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN EDUCATIVA

O noso centro está inmerso no Proyecto Plan Lector desde o curso escolar 2014-2015. Pouco a pouco, vamos definindo este proxecto de innovación pasando da xeneralidade e pouca concreción á contextualización curricular. Adquirimos uns compromisos para co noso Plan Lector sexa o eixe fundamental deste proxecto curricular. De momento, imos comenzar a diseñar secuencias de aprendizaxe para o área de Lingua Castelá e Literatura que cumplan as condicións curriculares. É dicir, suprimimos o libro de texto desta área comenzando unha nova aposta metodolóxica. Elaboraremos un material que reúna características de profesionalidade, formato atractivo e eficacia como emprender proxectos de aprendizaxe. O Plan Lector chegou para quedarse e a partir de agora, temos intención de planificar un verdadeiro itinerario formativo que inclua momentos de enriquecemento, análise e concreción, momentos de posta en práctica e reflexión sobre o realizado. A aposta comenza co área de Lingua pero o noso desexo é facelo extensivo ás diferentes áreas curriculares nos próximos anos. Este Plan Lector seguro que nos abre máis portas de innovación e investigación aínda por descubrir. Ó ser un modelo creado polos equipos didácticos e contextualizados, fai que sexa vivo e con gran influencia pedagóxica.

7._ PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

O noso centro segue un proxecto editorial e as PP.DD. son coherentes con tal proxecto. As presentamos como foron diseñadas: pensando neste proxecto editorial. Estes cadros perfectamente os podemos contextualizar e utilizar e nos servirán como referencia de logro dos aprendizaxes. Dito isto, sinalar que modificamos outros elementos destas programacions ao noso contexto e circunstancias que aínda que non aparecen nos modelos presentados, facemos, a modo de xustificación, unha presentación agora. O noso interés é chegar a conseguir unhas programacions totalmente independentes a un

modelo editorial. É traballo difícil pero non imposible. Se vemos que os resultados de aprendizaxe son os desexados, seguro que sí, e nosas expectativas son superadas, isto nos animará a continuar progresivamente no noso empeño e dirixido ás outras áreas de aprendizaxe. Os elementos que xustificamos que se diferencian ou complementan dos aportados nas PP.DD. son os seguintes:

1.- Criterios de calificación e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
1. ANÁLISIS DE PRBAS ESPECÍFICAS	Probas escritas (contemplando criterios de avaliación)e probas orais (rúbrica con criterios de avaliación).
2. VALORACIÓN DO TRABAIO DIARIO E ANÁLISIS DE PRODUCCIONS DE ALUMNOS	Monografías, resúmenes, traballo de aplicación y síntese, caderno de clase (valoración según rúbrica), resolución de exercicios e problemas, textos escritos (corrección según rúbrica), produccions orais (mediante rúbrica), produccions plásticas ou musicais, produccions motrices, dossier do portafolio (recopilación de produccions), investigacións, xogos de simulación e dramáticos.
3. OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DO COMPORTAMIENTO E ACTITUDE.	Escalas de observación, listas de control, rexistro anecdótico e diarios de clase.